

A PREVENCIÓN de Riscos Laborais no Sector Agrario...



...é cousa de todos.

Medidas preventivas

Envorcadura

No uso de tractores, colleitadoras, etc. circula por terreos con pendentes pequenas e extrema a precaución no acoplamento de apeiros: usa o punto de enganche do apeiro máis baixo posíbel e lastra o eixo dianteiro.

Caída de persoas
ao mesmo nivel

No acceso a vehículos agrícolas, limpa previamente os chanzos de materiais que poidan favorecer a caída, como barro; sube e baixa co vehículo totalmente parado, e coloca tres extremidades firmemente no vehículo.

Corte e/ou
amputación

No uso de fresadoras, colleitadoras, sementadoras etc. non intentes desatascas introducindo as mans no interior. Non te achegues ás partes móbiles cando estean funcionando.

Queimaduras

Cando uses fertilizantes, traballa co vento de lado. Ao rematar, cambia a roupa e lava varias veces, con auga e xabón, as partes expostas como cara, mans e brazos.